

GUÍA SOBRE ENCADRAMENTO NO RÉXIME ESPECIAL DO MAR



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL
Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
Y PENSIONES



INSTITUTO SOCIAL
DE LA MARINA



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

2

CAMPO DE APLICACIÓN

5

CLASIFICACIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS

9

COTIZACIÓN

13

BENEFICIOS NA COTIZACIÓN. BONIFICACIÓNS/REDUCCIÓNS. INCOMPATIBILIDADE

15

ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS DE TRABALLADORES, PRAZOS, OPCIÓNS
E OBLIGATORIEDADE DE TRASMITIR POR MEDIOS TELEMÁTICOS

16

¿ONDE DEBO DIRIXIRME PARA INFORMARME SOBRE O ENCADRAMENTO DO
RÉXIME ESPECIAL DA SEGURIDADE SOCIAL DOS TRABALLADORES DO MAR?

18

NORMATIVA

20



| INTRODUCCIÓN |

Unha das características máis destacadas do Réxime Especial de Seguridade Social dos Traballadores do Mar é o feito de que o criterio que determina a inclusión dunha persoa traballadora neste réxime sexa a realización dunha actividade concreta: a marítimo-pesqueira.

A actividade marítimo-pesqueira non debe identificarse unicamente coa actividade laboral realizada a bordo das embarcacións, senón que tamén ten consideración de traballo marítimo o que, dun modo directo ou indirecto, está relacionado co mar.

A Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, configurou este Réxime Especial en dous grandes colectivos. O colectivo de persoas traballadoras por conta allea e asimiladas, que desenvolven a súa actividade baixo a dirección dun empregador/a, e o das persoas traballadoras por conta propia, que a desenvolven de forma habitual, persoal e directa, fóra do ámbito de dirección e organización doutra persoa.

O Réxime Especial do Mar é o único Réxime do Sistema da Seguridade Social onde coexisten persoas traballadoras por conta allea e persoas traballadoras por conta propia ou autónomas.

As persoas traballadoras por conta allea e por conta propia encadradas neste Réxime Especial, a efectos de cotización, atópanse á súa vez clasificadas en tres grupos de cotización diferentes:

1. O grupo primeiro de cotización, sen peculiaridades específicas a efectos de cotización, respecto dos traballadores por conta allea e conta propia incluídos no Réxime Xeral da Seguridade Social ou no Réxime Especial de Traballadores por Conta propia ou Autónomos.
2. Os grupos segundo e terceiro de cotización, que cotizan conforme ás bases fixas aprobadas anualmente, ás que se aplican coeficientes correctores para o cálculo das cotas de determinadas contingencias. É importante sinalar, que esta redución nas bases só afecta os importes das cotas, porque para o cálculo das prestacións tense en conta a base de cotización completa. Igualmente convén destacar que, aínda que a aplicación deste coeficiente corrector da base de cotización nos grupos segundo e terceiro non teña a natureza de bonificación ou redución, resulta incompatible con calquera beneficio na cotización.

Cando a actividade desenvolvida é a pesca mariña, a retribución “á parte” da persoa traballadora resulta un factor fundamental a efectos da súa clasificación nos diferentes grupos de cotización. Así, a retribución “á parte” é un requisito imprescindible para a inclusión das persoas traballadoras dedicadas á pesca mariña no grupo segundo ou terceiro de cotización.

Outra das peculiaridades do Réxime Especial dos traballadores do Mar é o recoñecemento dos coeficientes redutores da idade de xubilación, que permite a unha persoa traballadora acceder á pensión de xubilación ata 10 anos antes da idade legalmente prevista, como consecuencia de realizar actividades profesionais de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa e insalubre ou como consecuencia do afastamento do fogar familiar.

A aplicación destes coeficientes redutores da idade de xubilación leva aparellada un incremento nos tipos de cotización. A partir de xaneiro de 2019, tanto as empresas como as persoas traballadoras por conta propia, deberán aplicar o tipo máis alto de cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais respecto das persoas traballadoras aos que se lles recoñeza algún coeficiente redutor da idade de xubilación, cunha única excepción: as empresas ou persoas físicas que contraten a persoas traballadoras por conta allea incluídas no grupo terceiro de cotización que non cotizarán polo tipo máis alto de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, aínda cando se lles recoñeza algún coeficiente redutor da idade de xubilación pola actividade desenvolvida.

A aplicación dun tipo de cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, que non corresponde á actividade económica da empresa ou á ocupación establecida para certos colectivos de traballadores, supón unha nova particularidade no cálculo das cotas das persoas traballadoras incluídas neste Réxime Especial.

As especificidades que se aplican ás persoas traballadoras por conta propia do mar alcanzan tamén á opción do aseguramento das continxencias profesionais. No Réxime Especial dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos é obrigatorio formalizar a cobertura da acción protectora por continxencias profesionais, incapacidade temporal e cesamento de actividade cunha mutua colaboradora coa Seguridade Social, mentres que no Réxime Especial dos traballadores do Mar pódese optar por protexer as continxencias profesionais co Instituto Social da Mariña ou cunha mutua colaboradora coa Seguridade Social.




Para a protección da incapacidade temporal e cesamento de actividade, as persoas traballadoras clasificadas no grupo primeiro ou segundo de cotización poderán optar porque a mesma mutua colaboradora coa Seguridade Social coa que cubriron as continxencias profesionais xestione a prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns e a protección por cesamento de actividade. Esta posibilidade non a teñen as persoas traballadoras por conta propia do grupo terceiro de cotización, que están obrigadas a formalizar a cobertura das continxencias comúns co Instituto Social da Mariña.

Continuando coas peculiaridades de cotización que afectan as persoas traballadoras por conta propia deste Réxime Especial, convén sinalar que o prazo regulamentario para o ingreso das cotas é o mes seguinte ao do seu pagamento, ao contrario que o previsto no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos cuxo prazo regulamentario para o ingreso das cotas é no mesmo mes do pagamento.

Así mesmo, as persoas traballadoras por conta propia do mar, a diferenza do que sucede coas que están incluídas no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, non se lles teñen en conta as cotizacións correspondentes a períodos anteriores á formalización das altas solicitadas fóra do prazo, que non producirán efectos en orde ás prestacións de Seguridade Social.

Como se puido comprobar ao longo desta breve introdución, son moitas as particularidades do Réxime Especial de Seguridade Social dos Traballadores do Mar. O Instituto Social da Mariña, consciente desta realidade, por medio da presente guía quere difundir e dar a coñecer os requisitos que deben cumprir as persoas traballadoras para quedar incluídas no campo de aplicación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, así como divulgar as especialidades deste Réxime Especial en materia de altas, baixas e variacións de datos, cotización e cobertura de continxencias.



| CAMPO DE APLICACIÓN |

Que actividades marítimo-pesqueiras dan lugar á inclusión no Réxime Especial dos Traballadores do Mar?

- O tráfico marítimo e as tarefas complementarias desenvolvidas a bordo dos buques de mariña mercante, das embarcacións de tráfico interior de portos e das embarcacións deportivas e de recreo.
- A pesca marítima en calquera das súas modalidades, incluída a confección e reparación das redes de pesca.
- A exploración ou explotación dos fondos mariños e a extracción de produtos do mar desde plataformas fixas, artefactos flotantes ou instalacións que operan sobre o leito do mar ou ancorados nel, mediante técnicas de mergullo, a bordo de embarcacións ou a pé.
- A acuicultura mariña, desenvolta na zona marítima e marítimo-terrestre.
- A prestación dos servizos portuarios: estiba portuaria, practicaxe, remolque, amarradores e boteros.

Podo quedar incluído/a no Réxime Especial dos Traballadores do Mar se o meu traballo é administrativo ou fago algunha outra tarefa para a empresa que non se considera actividade marítimo-pesqueira?

Si, quedarás incluído/a no campo de aplicación do Réxime Especial dos Traballadores do Mar se prestas os teus servizos por conta allea para algunha das empresas seguintes:

- Empresas marítimo-pesqueiras.
- Empresas estibadoras e entidades de posta ao dispor de persoas traballadoras, sempre que desenvolvan a súa actividade exclusivamente no ámbito portuario.
- Confrarías de Pescadores e as súas federacións.
- Organizacións pesqueiras e outras entidades de representación e defensa do sector marítimo-pesqueiro.

Tamén poderás quedar incluída neste Réxime Especial se es unha persoa colaboradora familiar, parente ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade da persoa titular da explotación marítimo-pesqueira, e fas tarefas administrativas ou auxiliares no negocio familiar.



Son titular dunha explotación pesqueira, podo quedar encadrad/a no Réxime Especial dos Traballadores do Mar?

Depende da actividade que desenvolvas na túa empresa.

- Se tes a titularidade da explotación marítimo-pesqueira ou es comuneiro/a ou socio/a da empresa que ten a titularidade e o teu traballo é marítimo-pesqueiro, poderás quedar encadrada como persoa traballadora por conta propia na actividade que desenvolvas.
- Se tes a titularidade da explotación ou es comuneiro/a ou socio/a da empresa que ten a titularidade pero non realizas unha actividade marítimo-pesqueira, non podes quedar encadrado/a no Réxime Especial do Mar, o teu encadramento será no Réxime Especial de Autónomos.

Non teño a nacionalidade española. Que requisitos debo cumprir para poder traballar no sector marítimo-pesqueiro en España?

As persoas traballadoras nacionais dun Estado Membro da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo ou Suíza, poderán acceder ao mercado de traballo nas mesmas condicións que as persoas traballadoras nacionais de España. Con todo, deberán realizar algúns trámites adicionais:

- Inscripción no Rexistro Central de Estranxeiros.
- Obter o Número de Identificación de Estranxeiro (NIE).



- As persoas traballadoras extracomunitarias deben cumprir cos seguintes requisitos para poder traballar en España:
 - Obter a correspondente autorización previa para residir e traballar en España. Dita autorización deberá ser solicitada polo empregador que ofrezca o contrato de traballo.
 - Obter o visado unha vez fose emitida a autorización de residencia e traballo.
 - Causar alta no Réxime de Seguridade Social correspondente.
 - Solicitar a Tarxeta de Identidade de Estranxeiro.

Non teño a nacionalidade española, contrátanme para traballar nun barco de pesca con pavillón español que faena en caladoiros afastados e podo ir desde o meu país directamente ao barco sen pasar por España. Hai autorizacións específicas para estes supostos?

Si, para o colectivo de persoas estranxeiras enroladas nos barcos españois en virtude dos acordos de pesca, existe unha regulación específica que, o ter en conta as peculiaridades características deste traballo, exclúe da esixencia xeral da residencia, salvagardando ao mesmo tempo o dereito a estancias curtas cando os buques permanecen atracados en porto.

Nestes supostos, concederáse validez como autorización para traballar ao duplicado da notificación de embarque ou renovación do contrato de tripulantes estranxeiros en buques españois.

Vanme contratar para traballar nun barco estranxeiro. Podo quedar incluído/a na Seguridade Social española e no Réxime Especial do Mar?

Con carácter xeral aplícase a lexislación de Seguridade Social do país do pavillón do buque, con todo e en calquera caso poderíase aplicar a lexislación española de Seguridade Social, aínda que a forma de quedar incluído/a no Sistema español de Seguridade Social e no Réxime Especial do Mar, dependerá do país do pavillón que enarbore o buque.

1. A persoa física ou xurídica que che pague as retribucións que, por aplicación dos regulamentos comunitarios da Unión Europea, ten a condición de empresa a efectos das relacións coa Seguridade Social, poderá darche de alta como persoa traballadora por conta allea nos seguintes supostos:
 - Cando o pavillón do buque sexa dun país comunitario e proceda a aplicación dos regulamentos de Seguridade Social por cumprirse os requisitos esixidos neles: **que a persoa traballadora resida en España e a persoa física ou xurídica que pague as súas retribucións teña tamén a súa sede ou domicilio en España.**
 - Cando o pavillón do buque sexa dun país que teña **convenio bilateral ou multilateral con España no que se recolla a excepción ao principio de territorialidade e permitase a aplicación da normativa de seguridade Social do país de residencia da persoa traballadora, nas condicións reguladas no propio convenio.**



- Se vas prestar servizos para unha **empresa** mixta, a condición de que teñas a túa residencia en España.
2. Se non resulta de aplicación a Seguridade Social española, porque a embarcación na que vas prestar servizos non é dun país ao que se apliquen os regulamentos comunitarios ou non existe convenio que permita aplicar a normativa de Seguridade Social do teu país de residencia, poderás iniciar ou manter o teu aseguramento na Seguridade Social española mediante a **subscrición dun convenio especial**.

Hai unha **modalidade específica de convenio especial para as persoas españolas e os seus fillos e fillas que traballan no estranxeiro**. Esta opción permite estar de alta e cotizar na Seguridade Social española cando as embarcacións nas que se desenvolve o traballo son estranxeiras. Este convenio só poderano subscribir as persoas traballadoras que teñan nacionalidade española.

As persoas traballadoras que realizan as actividades marítimo-pesqueiras teñen que cumprir ademais algún outro requisito para quedar encadradas neste Réxime Especial?

Se a actividade desenvólvese a bordo de embarcacións, as persoas traballadoras por conta allea e por conta propia teñen que figurar no rol da embarcación como tripulantes (mariñeiros ou técnicos) ou como persoal alleo á tripulación (inspectores, investigadores, observadores de pesca, persoal de seguridade e resto de persoal a bordo).

Cando para o desenvolvemento das actividades marítimo-pesqueiras resulten esixibles permisos de explotación, concesións administrativas, licenzas ou calquera outro título, débese



acreditar que se dispón deles, así como que se está en posesión dos certificados de profesionalidade que resulten preceptivos.

As empresas serán as responsables de que as persoas traballadoras coas que manteñen a relación laboral por conta allea ou asimilados cumpran os requisitos esixidos, mentres que as persoas traballadoras por conta propia serán as responsables directas de cumprir os requisitos esixidos, tanto respecto de si mesmas como dos seus familiares colaboradores e, cando cumpra, deberán acreditalo documentalmente.

| CLASIFICACIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS |

Como sei se o meu traballo é por conta allea, por conta propia ou se me considera asimilado a conta allea?

- Se desenvolves unha actividade marítimo-pesqueira para unha empresa, entidade ou persoa física e asinaches un contrato laboral coa finalidade de recibir unha remuneración polo traballo realizado dependendo por completo das decisións adoptadas polo teu empregador ou empregadora, quen determina as condicións de traballo, os horarios e os descansos, a empresa ou persoa física que che contrata ten que darche de alta como persoa traballadora por conta allea no Réxime Especial do Mar.

Se realizas un traballo para un organismo público só poderás causar alta no Réxime Especial de Traballadores do Mar cando teñas a condición de persoal laboral, suxeito a contrato de traballo e con aplicación das condicións reguladas no Estatuto dos Traballadores, e desenvolves unha actividade marítimo-pesqueira. O persoal funcionario queda excluído do campo de aplicación deste Réxime Especial xa que, por imperativo legal, encádranse no Réxime Xeral da Seguridade Social ou nas mutualidades que correspondan.

- Se es conselleiro ou administrador dunha sociedade mercantil capitalista, pero non posúes o control da mesma e realizas funcións de dirección e xerencia ou outras funcións polas que percibas un salario, a sociedade debe darche de alta como persoa traballadora asimilada a conta allea, con exclusión da protección por desemprego e do Fondo de Garantía Salarial. Pola contra, se posúes o control da empresa deberás solicitar o alta como persoa traballadora por conta propia.
- Se formas parte dun grupo de prácticos que se constitúe en empresa ou corporación para obter a licenza de practicaxe, a empresa ou corporación deberá presentar o alta como persoa traballadora asimilada a conta allea, con exclusión da protección por desemprego e do Fondo de Garantía Salarial. Se non formas parte da empresa ou corporación de prácticos, pero estás vinculado a ela mediante un contrato laboral, a empresa ou corporación deberá darche de alta como persoa traballadora por conta allea. Se o practicaxe realízalo nunha terminal privada, corresponderá á empresa concesionaria o alta como persoa traballadora por conta allea.



- Deberás causar alta como persoa traballadora por conta propia, se tes 18 anos ou máis, cando sen suxeición a un contrato laboral, realices de forma habitual, persoal e directa actividades marítimo-pesqueiras para obter delas un beneficio económico, determinando as túas propias condicións de actividade e a distribución dos ingresos obtidos como consecuencia da actividade desenvolvida.
- Se tes 18 anos ou máis, serás unha persoa colaboradora familiar cando desenvovas a túa actividade no negocio familiar para obter resultados que incrementen o patrimonio da familia da que formas parte. Para que se che recoñeza a túa condición de persoa colaboradora familiar tes que convivir coa persoa titular da explotación e os teus únicos ingresos deben ser a remuneración asignada polo teu familiar por traballar no negocio.

As persoas traballadoras do Mar clasifícanse en tres grupos. Pode elixir a empresa en que grupo de cotización vai incluír aos seus traballadores?

Aínda que para que unha empresa traballadora quede clasificada nun dos grupos de cotización é necesario que se cumpran unha serie de requisitos que a o mesmo tempo dependen de varios factores que se combinan entre si, o empresario e as persoas traballadoras **si poden optar por quedar incluídos no grupo primeiro de cotización, chegando ao acordo de que a retribución de toda a tripulación sexa a salario. Este acordo vincula a toda a tripulación, incluídos aos armadores que estean enrolados nas embarcacións como técnicos ou tripulantes.**

- **Se a retribución é a salario**, sexa cal for a actividade ou a tonelaxe dos barcos, quedarás clasificado **no grupo primeiro de cotización.**
- Se a **actividade non é a pesca marítima**, quedarás incluído/a no **grupo primeiro de cotización.**
- Se **non figuras no rol da embarcación como tripulante**, quedarás incluído/a no **grupo primeiro de cotización, aínda que a actividade da empresa sexa a pesca.**
- Se a actividade é a **pesca marítima** e figuras no rol da embarcación como **tripulante** e recibes **retribución á parte** quedarás clasificado nun ou outro grupo segundo a **tonelaxe da embarcación:**
 - **GRUPO 1** máis de 150 TRB
 - **GRUPO 2A** entre 50,01 e 150 TRB
 - **GRUPO 2B** entre 10,01 e 50 TRB
 - **GRUPO 3** menos de 10 TRB

Pode unha persoa traballadora por conta propia elixir en que grupo vai quedar incluída a efectos de cotización?

- Poden optar por quedar incluídos no **grupo primeiro de cotización**, chegando ao acordo de que a retribución de toda a tripulación sexa a salario. **Xa que este acordo vincula tamén aos tripulantes armadores.**
- Se a **actividade non é a pesca marítima** quedarán incluídos no **grupo primeiro de cotización** coas seguintes **excepcións**: mariscadoras e mariscadores, percebeiros, anguleiros, recolletores de algas e análogos, mergulladores extractores de recursos mariños, redeiros e redeiras, que quedarán incluídos no **grupo terceiro de cotización.**
- Se a actividade é a **pesca marítima**, os armadores tripulantes que figuren no rol da embarcación e reciban **retribución á parte** quedarán clasificados nun ou outro grupo segundo a **tonelaxe da embarcación**:
 - **GRUPO 1** máis de 150 TRB
 - **GRUPO 2A** entre 50,01 e 150 TRB
 - **GRUPO 2B** entre 10,01 e 50 TRB
 - **GRUPO 3** menos de 10 TRB



As persoas traballadoras por conta propia e os seus familiares colaboradores encadrados no Réxime Especial do Mar teñen que cumprir uns requisitos específicos para quedar clasificados nos grupos segundo ou terceiro que non se esixen ás persoas traballadoras por conta allea?

Si, ás persoas traballadoras por conta propia do mar e aos seus familiares colaboradores esíxeselles o cumprimento duns requisitos específicos. **Se non cumpren estes requisitos quedarán incluídos no grupo primeiro de cotización.**

- Para quedar clasificadas nos **grupos segundo e terceiro de cotización, as persoas traballadoras autónomas ou por conta propia teñen que obter os seus principais ingresos da actividade pesqueira**, aínda cando con carácter ocasional ou permanente realicen outros traballos non especificamente marítimo-pesqueiros determinantes ou non da súa inclusión en calquera outro dos réximes do Sistema da Seguridade Social.
- Para quedar incluído como **familiar colaborador nos grupos segundo e terceiro de cotización** será requisito imprescindible que realice **idéntica actividade que o titular da explotación.**



| COTIZACIÓN |

- **Grupo primeiro de cotización:** as persoas traballadoras por conta allea deste Réxime Especial equipáranse ás persoas traballadoras incluídas no Réxime Xeral e as persoas traballadoras por conta propia ás incluídas no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos.
- **Grupos segundo e terceiro de cotización:** a inclusión nestes grupos de cotización implica as seguintes singularidades:
 1. Para a determinación das bases de cotización das persoas traballadoras incluídas nos grupos segundo e terceiro, considéranse retribucións efectivamente percibidas as determinadas anualmente por Orde Ministerial, a proposta do Instituto Social da Mariña, oídas as organizacións sindicais e empresariais representativas, as Confrarías de Pescadores e as organizacións de produtos pesqueiros.

Esta determinación efectuarase por provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais sobre a base dos valores medios das remuneracións percibidas no ano precedente.
 1. Exclusivamente, ás bases de cotización por continxencias comúns, desemprego e cesamento de actividade aplícanse os seguintes coeficientes correctores, que varían segundo o grupo de cotización:
 - 2/3 para o grupo segundo A.
 - 1/2 para o grupo segundo B.
 - 1/3 para o grupo terceiro.

Son unha persoa traballadora por conta propia. Gustaríame saber como se calcula a cota que teño que pagar

As cotas calcúlanse aplicando ás bases uns tipos de cotización (porcentaxes) que corresponden a cada unha das continxencias protexidas.

Se a cota que se está calculando é dunha persoa traballadora por conta propia dos grupos 2 ou 3, antes de aplicar o tipo de cotización que corresponde ás continxencias comúns, desemprego e cesamento de actividade hai que minorar a base segundo o coeficiente corrector que corresponda segundo o grupo de cotización.

Inclúese como exemplo, un cadro de como se calcularía a cota segundo cada grupo de cotización cunha base de 1.000 euros ⁽¹⁾.

⁽¹⁾ (A base de 1.000 euros é unha base específica para o exemplo e non corresponde a ningunha base fixa ou a ningún límite de cotización).



Exemplo de cálculo de cotas para as persoas traballadoras por conta propia sobre unha base de 1.000 euros e aplicando os tipos de cotización vixentes a febreiro do ano 2021

BASE			1.000,00	1.000,00	1.000,00	1.000,00
GRUPO MAR			GM03	GM2B	GM2A	GM01
COEFICIENTE CORRECTOR BASE			1/3	1/2	2/3	
BASE CC Y DESEMPREGO			333,33	500,00	666,67	1.000,00
BASE AT/EP			1.000,00	1.000,00	1.000,00	1.000,00
CONTINXENCIAS COMÚNS	IT CC	1,65%	5,50	8,25	11,00	16,50
	RESTO CC	26,65%	88,83	133,25	177,67	266,50
	TOTAL CC	28,30%	94,33	141,50	188,67	283,00
AT/EP	CON COE	7,15%	71,50	71,50	71,50	71,50
	SEN COE	1,10%	11,00	11,00	11,00	11,00
CESE	0,80%		2,67	4,00	5,33	8,00
FP	0,10%		1,00	1,00	1,00	1,00
TOTALS	GRUPO MAR		GM03	GM2B	GM2A	GM01
	TOTAL CON COE		169,50	218,00	266,50	363,50
	TOTAL SEN COE		109,00	157,50	206,00	303,00

| BENEFICIOS NA COTIZACIÓN. BONIFICACIÓNS / REDUCIÓNS. INCOMPATIBILIDADE |

Poden as persoas traballadoras do Réxime Especial dos Traballadores do Mar gozar das bonificacións/reducións previstas na lexislación social?

Depende de en que grupo de cotización estean clasificadas as persoas traballadoras por conta allea ou conta propia.

- **Grupo primeiro de cotización:** É posible aplicar as bonificacións e reducións previstas sen que haxa diferenzas respecto ao Réxime Xeral da Seguridade Social ou ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
- **Grupos segundo e terceiro de cotización:** Non é posible aplicar as bonificacións e reducións xa que, con carácter xeral e salvo que estea previsto nunha norma, a aplicación dos coeficientes correctores da base de cotización son incompatibles co goce de bonificacións/reducións.



ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS DE TRABALLADORES, PRAZOS, OPCIÓNS E OBRIGATORIEDADE DE TRANSMITIR POR MEDIOS TELEMÁTICOS

En que prazos hai que presentar as altas e baixas? Os prazos de presentación de altas e baixas son os mesmos para o alta dunha persoa traballadora por conta allea que para o alta por conta propia? Hai prazos distintos no Réxime Especial do Mar?

Os prazos son os mesmos para conta allea e conta propia sen que haxa ningunha especialidade para as persoas traballadoras incluídas no Réxime Especial do Mar:

- Altas: deben comunicarse antes do inicio da actividade, cun máximo de 60 días de antelación.
- Baixas: deben comunicarse nos 3 días seguintes ao fin da actividade.
- Variacións: deben comunicarse nos 3 días naturais seguintes a aquel no que se produza a variación.



Na vida laboral hai máis dunha data de alta. Ten isto que ver con que se cumpran os prazos de presentación? Sempre son iguais a data de alta e a data de efectos de alta?

A data do alta e a data de efectos do alta non sempre coinciden, depende de se se comunicou o alta en prazo ou fóra de prazo.

- **Altas comunicadas en prazo: A DATA DE ALTA e DE EFECTOS DO ALTA coinciden.**
- **Altas comunicadas fóra de prazo: A DATA DE ALTA e DE EFECTOS DO ALTA son diferentes.** Os períodos entre alta real e efectiva son computables para o recoñecemento e cuantificación das prestacións, sempre que estean realmente cotizados. De non estar realmente cotizados, estes períodos non poden ser tidos en conta a ningún efecto.

Que sucede se se presentan as baixas fóra de prazo?

Se non se comunica en prazo que se finalizou a actividade por conta allea ou conta propia a **DATA DE BAIXA e DE EFECTOS DA BAIXA serán diferentes**. Isto quere dicir que hai obrigación de seguir cotizando, aínda que durante ese tempo non se traballou, porque se aplica a penalización por non cumprir os prazos legalmente previstos, de maneira que a empresa ou a persoa traballadora por conta propia teñen que cotizar ata a data de presentación da baixa.

Existe no Réxime Especial do Mar a obrigación de incorporarse ao sistema REDE e transmitir por medio telemáticos?

Si, pero non para todas as persoas traballadoras, depende do grupo de cotización en que queden clasificadas as persoas traballadoras a efectos de cotización.

Persoas físicas ou xurídicas obrigadas:

- **As empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos responsables** do cumprimento da obrigación de cotizar polas persoas traballadoras por conta allea encadradas neste Réxime Especial, incluídas en calquera dos grupos de cotización, con independencia do número de traballadores que manteñan en alta.
- As **persoas traballadoras por conta propia** clasificadas, a efectos de cotización, no **grupo primeiro de cotización**, con independencia de que teñan ou non traballadores ao seu cargo.

Personas físicas ou xurídicas NON obrigadas:

- As **personas traballadoras por conta propia** clasificadas, a efectos de cotización, nos **grupos segundo e terceiro de cotización**.



ONDE DEBO DIRIXIRME PARA INFORMARME SOBRE O ENCADRAMIENTO DO RÉXIME ESPECIAL DA SEGURIDADE SOCIAL DOS TRABALLADORES DO MAR?

DIRECCIÓN PROVINCIAL	Dirección	C.P.
ALICANTE	C/ Faro de Santa Pola, 2	03001
ALMERIA	C/ Puerto Pesquero, s/n	04002
ILLES BALEARS	C/ Moll Vell, 15	07012
BARCELONA	C/ Albareda, 1 - 13	08004
BIZKAIA	C/ Virgen de Begoña, 32	48006
CÁDIZ	Avda. de Vigo, s/n	11006
CANTABRIA	Avda. de Sotileza, 8	39009
CARTAGENA	C/ Muelle Alfonso XII, s/n	30202
CASTELLÓN	Pl. Miquel Peris i Segarra, s/n	12100
CEUTA	C/ Muelle Cañonero Dato, 20	51001
GIJÓN	C/ Celestino Junquera, 19	33201
GIPÚZKOA	C/ Hermanos Otamendi, 13	20014
HUELVA	Avda. Hispanoamérica, 9	21001
A CORUÑA	C/ Ramón y Cajal, 2	15006
LAS PALMAS	C/ León y Castillo, 322	35007
LUGO	C/ Rda. Músico Xosé Castiñeiras, 10 – baixo	27002
MADRID	C/ Churuca, 2	28004
MÁLAGA	C/ Pasillo del Matadero, 4	29002
MELILLA	Avda. de la Marina Española, 7	52001
TENERIFE	Avda. de Anaga, s/n	38001
SEVILLA	C/ Fernando IV, 1	41011
TARRAGONA	C/ Francesc Bastos, 19	43005
VALENCIA	Av. del Port, 300	46024
VIGO	Avda. Orillamar, 51	36202
VILLAGARCIA	Avda. de la Marina, 23	36600

Población	Teléfono	correo electrónico
Alicante/Alacant	96 512 65 23	alicante.dirprov.ism@seg-social.es
Almería	95 062 02 11	almeria.dirprov.ism@seg-social.es
Palma de Mallorca	97 172 56 06	illesbalears.dirprov.ism@seg-social.es
Barcelona	93 443 96 00	barcelona.dirprov.ism@seg-social.es
Bilbao	94 473 90 00	bizkaia.dirprov1.ism@seg-social.es
Cádiz	95 625 17 04	cadiz.dirprov.ism@seg-social.es
Santander	94 221 46 00	santander.dirprov.ism@seg-social.es
Cartagena	96 850 20 50	cartagena.dirprov.ism@seg-social.es
Catellón de la Plana/Castelló de la Plana	96 428 30 72	castellon.dirprov.ism@seg-social.es
Ceuta	95 650 02 40	ceuta.dirprov.ism@segsocial.
Gijón	98 532 72 00	gijon.dirprov.ism@segsocial.es
Donostia – San Sebastián	94 348 32 00	gipuzkoa.dirprov.ism@segsocial.
Huelva	95 925 74 11	huelva.dirprov.ism@segsocial.es
A Coruña	88 190 98 00	acoruna.dirprov.ism@segsocial.es
Las Palmas de Gran Canaria	92 849 46 45	laspalmas.dirprov.ism@segsocial.es
Lugo	98 222 50 10	lugo.dirprov.ism@segsocial.es
Madrid	91 591 99 00	madrid.dirprov.ism@segsocial.es
Málaga	95 235 93 61	malaga.dirprov.ism@segsocial.es
Melilla	95 176 43 00	melilla.dirprov.ism@segsocial.es
Sta. Cruz de Tenerife	92 259 89 00	tenerife.dirprov.ism@segsocial.es
Sevilla	95 428 60 28	sevilla.dirprov.ism@segsocial.es
Tarragona	97 719 10 00	tarragona.dirprov.ism@segsocial.es
Valencia	96 335 99 00	valencia.dirprov.ism@segsocial.es
Vigo	98 621 61 00	vigo.dirprov.ism@segsocial.es
Vilagarcía de Arousa	98 656 83 00	vilagarcia.dirprov.ism@segsocial.es



| NORMATIVA |

- *Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.*
- *Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro.*
- *Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.*
- *Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.*
- *Real Decreto Lei 28/2018 de medidas urxentes en materia Social, Laboral e de emprego para o ano 2019.*
- *Real Decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social.*
- *Real Decreto 2064/1995, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral sobre Cotización e Liquidación doutros Dereitos da Seguridade Social.*
- *Orde ESS/2018, do 1 de marzo, pola que se modifica a Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo, pola que se regula o Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da Seguridade Social.*
- *Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social.*





INSTITUTO SOCIAL
DE LA MARINA

Más información:

Página web:



Sede Electrónica:



MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL Y MIGRACIONES

Publicación incluida en el programa editorial
del Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y
Migraciones (Real Decreto 2/2020, de 12 de enero)

En esta publicación se ha utilizado papel reciclado libre de cloro
de acuerdo con los criterios medioambientales de la contratación pública

<https://cpage.mpr.gob.es>



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL
Y MIGRACIONES



SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
Y PENSIONES

INSTITUTO SOCIAL
DE LA MARINA